

UN "LIKE" DE BOB TREVINO

1555

Tracie Laymon, 2024

ESTREA EN NUMAX: 18.07.2025 | V.O.S.E. | +12 | 102 min

Lily Trevino é unha moza insegura e solitaria que vén de ser abandonada por seu pai. Cando decide seguilo en Facebook atopa un perfil co mesmo nome que el. Así coñece a Bob Trevino, un home que perdeu a seu fillo e co que entabla unha estreita amizade que podería mudar a súa vida para sempre.

«Unha celebración da amizade e os pequenos actos de bondade cotiáns»
Nikki Baughan, SCREENDAILY



A familia que eliximos

Por Lalo Ortega

Din que a reputación nos precede e *Un "like" de Bob Trevino* xa traía certa sona en festivais como o SXSW 2024 —onde obtivo dous premios— por provocar o pranto “a moco tendido” da audiencia, algo que en tempos do *hype* acelerado e exacerbado polas redes sociais, podería ser puro fume. Dá gusto escribir que ese non é o caso da primeira longametraxe en solitario da directora Tracie Laymon, quen de paso fai certo un dos clíxés máis manidos sobre a arte: “escribe sobre o que coñeces”.

Un "like" de Bob Trevino está inspirada na experiencia de Laymon e é a historia da veinteañeira Lily Trevino (Barbie Ferreira, de “Euphoria”), cuxa vida foi marcada pola negligencia: de nena foi abandonada por unha nai drogadicta, e quedou ao coidado dun pai egocéntrico e indisposto, Bob Trevino (French Stewart).

Abandonada tamén polo seu pai por unha mesquiña discusión, Lily está determinada a atopalo e “reparar” a relación. É así como acaba por conectar en Facebook (lembrando Facebook si conectaba as persoas?) cun homónimo de seu pai. Cando esoutro Bob Trevino (John Leguizamo), tamén falto de conexión, entra na vida de Lily polo camiño da amabilidade desinteresada, as vidas de ambos comezan a ser transformadas profundamente.

Esta é, en resumo, unha historia sobre dúas persoas que atopan un amor en sitios inesperados. Pero non de carácter romántico, senón unha carte de amor filial que pon a proba a noción da “familia elixida”, e que outorga a ambos ese algo que lles falta. A ela, unha posibilidade de autoafirmación e agarimo para poder florecer como persoa. A el, un vínculo para sandar unha ferida do pasado.

Un "like" de Bob Trevino é unha película que abraza a simplicidade para exaltar o lado emocional da súa premisa. Hai aspectos das vidas emocionais de ambos os personaxes que, a conciencia —e axudados por actuacións profundamente matizadas—, son máis suxeridos que realmente explorados, e quizais só serán intuídos polos espectadores máis sensibles.

Esa mesma austeridade trasládase ao apartado visual. A fotografía de John Rosario, ben composta, inclínase máis pola eficiencia que a expresividade, e agás certas imaxes que suxiren a evolución emocional de Lily para formar novos lazos, queda nos terreos do plano-contraplano e a efectividade probada dos primeiros e medios planos para transmitir sentimentos.

Tal practicidade exalta o punto máis forte da película: as súas dúas actuacións protagónicas, pero hai que escribir aparte sobre Barbie Ferreira. Axudada pola sinceridade propia do guión, a actriz transmite unha vulnerabilidade humillante para pasar da vergoña á ledicia, a tristura, o anoxo e a angustia, ás veces, dun segundo a outro dentro dunha mesma escena. Fai que simpatices con ela desde o primeiro segundo, e é o catalizador das bágoas até o emotivo final.

Publicado en laestatuilla.com